

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE, COMO LEI FUNDAMENTAL DO CONTRATO, REXERÁ O CONCURSO TRAMITADO PARA ADXUDICAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, AS OBRAS DE:

I. OBXECTO DO CONTRATO.- É obxecto do contrato a execución das obras de, conforme ó proxecto técnico redactado por, aprobado pola Comisión de Municipal de Goberno.

O referido proxecto, cos documentos que preceptivamente o integran, formará parte do contrato de adxudicación de obra, que no seu día se outorgue.

II. FINANCIAMENTO DA OBRA.- As obras obxecto do contrato financiaranse con cargo á partida presupostaria do Presuposto Xeral en vigor e á subvención finalista por importe de € outorgada por, mediante Resolución de e aboable

Obras de carácter anual.

Para atender as obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no Presuposto con cargo á partida sinala no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

Obras de carácter plunianual.

De conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 39/88 Reguladora das Facendas Locais e artigo 69 e seguintes do Decreto 500/90 imputarase os exercicios presupostarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra no epígrafe 3. En consecuencia, o presente gasto queda subordinado o crédito que para cada exercicio se consigna no orzamento.

No disposto de reaxuste de anualidade, ateráse ó disposto na cláusula 5 do presente Prego.

III. ABOAMENTO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA.- O aboamento do prezo do remate e as súas variacións legais (revisión de prezos, modificacións obxectivas) efectuarase contra certificación de obra expedida polo técnico director da mesma, unha vez aprobada polo órgano competente da Administración, dentro dos dous meses seguintes á expedición daquela. En todo caso aplicarase o art. 99 do TRLCAP.

Mediante petición subscripta polo contratista poderanse realizar aboamento a conta de instalacións, acopios de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, o aboamento dos cales deberá garantirse mediante aval bancario.

IV. CUMPRIMENTO DO CONTRATO.- As obras deberán ser entregadas dentro de anos e/ou meses seguintes á formalización do contrato e realización do replanteo. O incumprimento de tal prazo será sancionado a teor do establecido no art. 95 do TRLCAP.

A recepción das obras, cando se encontren en bo estado, efectuarase dentro do mes seguinte á entrega daquela ou da realización do obxecto do contrato e instrumentarase nunha Acta levantada ó efecto, que subscribirá o facultativo designado pola Administración, o encargado da dirección da obra e o contratista, que poderá estar asistido do seu propio facultativo.

Cando as obras non estean en condicións de ser recibidas farase constar así na Acta e o Director das mesmas sinalará os defectos detectados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para correxilos. Correxidos os defectos ou transcorrido simplemente o prazo sinalado para facelo levantarase Acta de conformidade ou, no seu defecto concederase un novo prazo para levar a cabo a corrección ou declararase resolto o contrato.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público.

Fíxase nun ano, a contar da recepción positiva, o prazo de garantía das obras obxecto deste contrato.

Dentro dos seis meses seguintes á data da Acta de recepción positiva ou de conformidade, a Administración acordará e notificará ó contratista a liquidación da obra e aboará, no seu caso, o saldo resultante.

V. BASE OU TIPO DE LICITACIÓN.- O presuposto do contrato que servirá de Base de licitación, ascende a un total de€, incluídos os honorarios de dirección das obras e de coordinación de seguridade e saúde.

VI. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.- Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a correspondente clasificación ou, no seu defecto solvencia económica, financeira ou técnica nos termos dos arts. 16 e 17 do TRLCAP e, non estean afectados por ningunha das circunstancias que enumera o art. 20 como prohibitivas para contratar.

A Administración poderá contratar con unións de empresas que se constituían temporalmente ó efecto (sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en Escrituras Públicas ata que se teña efectuado a adxudicación), as cales responderán solidariamente ante a Administración e ante a que nomearán un representante ou apoderado único, sendo necesaria a clasificación de cada unha como empresa de obra.

A clasificación esixida para esta contratación será

VII. GARANTÍA PROVISIONAL.- A garantía provisional será a de € equivalente ó 2% do presuposto do contrato ou Base de licitación, e poderase constituir en calquera das formas previstas no art. 35 do TRLCAP e 55 do RD 1098/2000.

Estarán eximidas de constituir esta garantía as empresas que acrediten no expediente de contratación a clasificación para concorrir á licitación nos contratos de obra de contía inferior á sinalada no art. 135.1) do TRLCAP.

VIII. GARANTÍA DEFINITIVA.- A garantía definitiva será do 4% do presuposto do contrato e poderá constituírse de calquera das formas previstas no art. 36 do TRLCAP e 55 do RD 1098/2000.

A constitución da garantía definitiva deberá acreditarse dentro dos 15 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do concurso. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó adxudicatario, dará lugar á resolución do contrato.

IX. GARANTÍA EN CASO DE BAIXA TEMERARIA.- En caso de baixa temeraria o Órgano de Contratación, conforme ós arts. 36.4) e 83.5) do TRLCAP, esixirá a constitución dunha garantía definitiva polo 20% do importe do contrato adxudicado ou do presuposto base de licitación, no caso de que a adxudicación se realice en favor do empresario presuntamente temerario.

X. EXPOSICIÓN SIMULTÁNEA DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DO ANUNCIO PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.- Conforme ó parágrafo 2º do art. 122 do RDL 781/86, de 18 de abril, a exposición do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e do anuncio para a presentación de proposicións (de licitación) realizarase en unidade de acto, podéndose presentar reclamacións contra o prego durante os 8 días hábiles seguintes á publicación do anuncio.

Se dentro de tal prazo se producieran reclamacións contra o prego, suspenderase a licitación e o prazo para a presentación de proposicións, reanudándose o que reste a partir do día seguinte ó da resolución daquelas.

XI. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:

Lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.-

11.1. Lugar e prazo de presentación.- As proposicións presentarase no Rexistro Xeral do Concello, das 9,00 ás 14,00 horas de luns a venres, e de 10,00 a 12,00 horas os sábados, durante os días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no BOP ou no DOG

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, caso no que o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data e a hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciarlo mesmo día ó Concello, por FAX, TELEX ou Telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibira fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Porén, transcorridos cinco días desde a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

11.2. Formalidades.-

Os licitadores presentarán tres sobres pechados e asinados por él mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademáis da razón social e denominación da entidade concursante, o título do concurso, e conterán: o primeiro (A) a documentación administrativa esixida para tomar parte no concurso, o segundo (B) a correspondente ás referencias técnicas, e o terceiro (C) a proposición económica axustada ó modelo que se inclúe neste prego.

Documentación administrativa.- Sobre A

En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

a) Acreditación da capacidade de obrar: a capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato, e informe de reciprocidade a que se refire o art. 23.1 do TRLCAP.

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

b) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar, recollidas no art. 20 do TRLCAP, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó día do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A proba desta circunstancia poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 21.5 do TRLCAP.

c) Poder bastante ó efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

d) Certificado de clasificación da empresa. Cando esta non sexa necesaria deberán achegar documentación xustificativa do cumprimento dos criterios de selección basados nos medios de acreditar a solvencia económica, financeira e técnica.

Solvencia económica e financeira:

Informe de institucións financeiras acreditativo da solvencia económica e financeira o no seu defecto seguro de indemnización por riscos profesionais.

Para as Sociedades balance ou extractos de balances e contas de explotación.

Declaración das cifras de negocios globais das obras, subministros, servicios e traballos realizados nos tres últimos exercicios.

Calquera outro documento que, acreditando tales extremos, sexa considerado bastante pola Administración.

Solvencia técnica:

Títulos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa.

Relación de obras executadas no curso dos cinco últimos anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

Declaración indicativa da maquinaria, material e equipo técnico do que disporá o empresario para a execución da obra.

Declaración indicativa dos efectivos personais medios anuais da empresa e a importancia dos seus equipos directivos durante os tres últimos anos.

Declaración indicativa dos técnicos ou das Unidades Técnicas de que dispón a empresa para a execución das obras.

e) Resgardo acreditativo de ter constituído a favor do Concello de Caldas de Reis, unha fianza provisoria por importe equivalente ó 2 por 100 do presuposto base de licitación, no caso de ser requerida.

f) As empresas estranxeiras aportarán unha declaración expresa de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois en calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional extranxeiro que poidera corresponder ó licitante.

g) As empresas estranxeiras non comunitarias, ademáis, deberán acreditar que teñen aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

h) Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas, conforme á lexislación vixente.

Referencias técnicas. Sobre B.

Conterá aqueles documentos acreditativos das circunstancias a ter en conta na valoración do concurso, de acordo cos criterios de adxudicación do mesmo

Proposición económica. Sobre C.

Neste sobre incluírase a oferta económica, que axustarase ó modelo contido na cláusula final.

Cada licitador unicamente poderá presentar unha soa proposición. Tampouco poderá asinarse unha proposta de unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figuran en mais dunha unión temporal.

XII. MESA DE CONTRATACIÓN.- A Mesa de Contratación estará integrada ou constituída, de forma permanente, do modo seguinte:

- Presidente, que será o da Corporación Municipal, ou membro no que delegue.
- Vocais, un representante do Grupo Municipal do equipo de goberno e representante de cada un dos grupos políticos municipais da oposición, o aparelador municipal, o Secretario e o Interventor do Concello.
- Secretario, que será un funcionario da corporación

Poderá designarse como vocais da Mesa, de forma específica e en atención á natureza da obra obxecto de contratación, polo órgano de contratación, a técnicos e persoas especializadas no mesmo

XIII. CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.-

Antes do acto de apertura de plicas a mesa de contratación calificará os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A), en sesión non pública.

Ós efectos da expresada calificación, o presidente ordenará a apertura dos sobres, e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a mesa observare defectos materiais na documentación presentada o comunicará verbalmente ós interesados, e ademais faranse públicos a través de anuncios que se insertarán no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador subsane o erro.

A mesa, unha vez calificada a documentación a que se refire o artigo 79.2 do TRLCAP e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, dictará pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Ós efectos establecidos nos artigos 15 a 20 do TRLCAP, o órgano e a mesa de contratación, poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requerirle para a presentación doutros complementarios, o que deberá realizar no prazo de tres días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme ó disposto no artigo 83.6 do RXLCAP.”

XIV.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN-

O acto de apertura dos sobres B e C terá lugar na Casa do Concello, será público, e realizarase ás 12:00 horas do día hábil seguinte, non sábado, ó do remate do prazo de presentación de ofertas, acto que se aprazará no caso de xurdir incidencias na clasificación de documentos.

No suposto de presentación de ofertas indirectas, a apertura de plicas celebrarase á mesma hora do día seguinte hábil, que non sexa sábado, ó da recepción da última das ofertas anunciadas e presentadas indirectamente, agás que a mesma sexa recibida polo órgano de contratación dentro do prazo sinalado no anuncio para presentación de ofertas, suposto no que a apertura de plicas terá lugar no día e hora indicados no parágrafo anterior.

Porén, transcorridos os cinco días naturais seguintes á data de terminación do prazo de presentación de ofertas, sen terse recibida a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

De facerse necesario deixar transcorri-los cinco días naturais anteriormente citados a apertura de plicas celebrarase ás 12:00 horas do día seguinte hábil que non sexa sábado.

No acto público de apertura de proposicións admitidas a mesa procederá á apertura dos sobres B) e C) das proposicións admitidas. A mesa evaluará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen por orde decrecente de importancia e ponderación no presente prego, e formulará a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación. A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formula-la proposta, os informes técnicos que considere necesario que teñan relación co obxecto do contrato.

Cando o estime convinte a Mesa podera propoñer que o concurso se declare deserto.

En todo caso a proposta debe ser motivada.”

XV. CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN.-

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do concurso, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1º valoración sobre redución de prazo.

Valorarase a redución do prazo xeral da obra, sempre e cando quede perfectamente xustificado en función da programación da obra recollida na memoria.

Valorarase de 0 ata un máximo de 10 puntos.

2º valoración das melloras.

Poderán presentarse melloras adicionais á oferta que redunden nas garantías de control e calidade. Instalacións, seguridade e saúde, medios auxiliares, medidas complementarias que contribúan a mellorar as condicións de seguridade, e a diminuír as molestias aos vecinos, ou calesquera outras que poida considerar o licitador. En todo caso deberá incluírse una valoración expresa e detallada das mesmas.

Valorarase de 0 ata un máximo de 40 puntos.

3º valoración da documentación técnica.

a) Programa de execución das obras.

Valoraranse os contidos da memoria en relación co estudo do proxecto, do programa de realización dos traballos, procesos constructivos indicando medios humanos e materiais disponibles, e estudo do programa de execución, con base nas principais actividades da obra e os seus correspondentes cálculos de tempos. O programa deberá xustificarse detalladamente.

Valorarase de 0 ata un máximo de 15 puntos.

b) Calidade da obra.

Procedementos constructivos a utilizar na obra (referencias técnicas). Recepción de materiais. Cumplimento do plan de control de calidade. Control de calidade interno. Persoal adicado a control e calidade. Medidas específicas de seguridade e saúde. Medidas ambientais.

Valorarase de 0 ata un máximo de 35 puntos.

Valoración final do concurso.

Obterase da suma dos puntos obtidos nas valoracións da redución do prazo, as melloras e a documentación técnica, podendo obter as ofertas un máximo de cen (100) puntos.

No caso de igualdade entre dos ou máis licitadores, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, preferirase a proposición presentada por aquela empresa que, no momento de acreditar a solvencia técnica, teña na súa plantilla un número de traballadores minusválidos non inferior ao 2 por 100 da mesma, porcentaxe que deberá manterse durante a vixencia do contrato.”

XVI.- APRECIACIÓN DE TEMERIDADE

Considerarase que unha oferta é temeraria cando o seu importe sexa igual ou inferior ao valor da media aritmética dos importes das ofertas reducido nun 10%.

No caso de que en aplicación de dito criterio se aprecie que algunha proposición se atopa incurso en presunción de temeridade, estarase ao disposto no artigo 83 parágrafos 3,4, e 5, e artigo 86.4 do TRLCAP, e 86 do RXCAP.”

XVII.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación adxudicará o contrato, de conformidade coa proposta da Mesa, salvo nos casos que estime que concorre algún dos supostos sinalados no artigo 83.2 do TRLCAP.

O prazo máximo que debe mediar entre a data de apertura das proposicións e a de adxudicación será de tres meses. De non dictarse acordo de adxudicación dentro do citado prazo, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no expediente. Unha vez adxudicado o contrato, e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se teñan interposto, a documentación que se achega xunto coas proposicións quedará a disposición dos interesados.

Acordada a adxudicación do contrato, procederase a efectuar a correspondente notificación a tódolos participantes na licitación, e cando o seu importe sexa igual ou supere a cantidade de 60.101,21, publicarase no DOGA, conforme ao establecido no artigo 93.2 do TRLCAP.

Ó efectuar a notificación ao adxudicatario do contrato, requiríraselle para que constituía a garantía definitiva, na contía e forma indicadas na cláusula VIII, e achegue os seguintes documentos:

- Número de Identificación Fiscal.
- Alta no IAE no exercicio e no domicilio fiscal ou no lugar da obra.
- Declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou do Imposto sobre Sociedades do exercicio inmediato anterior.
- Declaración anual de operacións a que se refire o RD 2529/86, de 5 de decembro.
- Documento acreditativo de estar ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social, acreditando a súa inscrición ou alta na mesma, así como a afiliación e ingreso de cotas dos traballadores ó seu servizo ou de calquera outra débeda coa Seguridade Social.
- Designa-lo representante do contratista na obra.

XVIII. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A Administración e o contratista deberán formaliza-lo contrato de adxudicación de obra en Documento Administrativo, dentro dos 30 días seguintes ó de notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera Rexistro. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a Escritura Pública a petición do contratista e á súa costa.

O contratista, ademáis do contrato, deberá firma-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, se non estivera incorporado ó mesmo e o proxecto técnico.

XIX. EXECUCION DO CONTRATO

XIX-1.- ACTA DE COMPROBACION DO REPLANTEO.-

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato se efectuará a comprobación do Replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ó mesmo e asinar a correspondente Acta, de conformidade co artigo 142 da Lei 13/95 de 18 de maio.

XIX-2.-COMENZO DAS OBRAS E AVISO PREVIO Á AUTORIDADE LABORAL.- O contratista deberá inciar as obras dentro dos quince días seguintes ó da sinatura do Acta de Comprobación de Replanteo.

O Director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comenzo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cúa presentación debe exhibir o facultativo ó contratista.

Cando o resultado da comprobación de replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo Director das Obras, e sen

reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente no Acta extendida, quedando notificado o contratista polo feito de asinala, e empezándose a contar o prazo de execución das obras dende o día seguinte ó da sinatura do Acta.

XIX-3.- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.-

Dentro dos 15 días seguintes ó da sinatura da Acta de Comprovisión do Replanteo, o contratista presentará o Programa de traballo e o Plan de Seguridade e saúde e relación de subcontratistas e suministradores, có porcentaxe de obra a realizar.

Atendendo á natureza da obra, o Alcalde-Presidente, a proposta do Técnico Director poderá eximir ó contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación do Programa de traballo para as obras plunianuais.

En ningún caso se dispensará a presentación do programa de traballo para as obras plurianuais.

XIX-4.- CARTEIS E SINAIS.-

Na data en que comenzen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva.

Asi mesmo, o contratista está obrigado a instalar a súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc. de conformidade con disposto no Código da Circulación e adoptar tódalas precaucións precisas dende o comenzo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta Cláusula.

XIX-5.- OCUPACION DOS TERREOS.-

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

XIX-6.- DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.-

1.-Execución das Obras.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira cualidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e tódala documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións e regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito Comuntario nos termos establecidos no artigo 53 da Lei 13 /95 de 18 de maio.

Asimesmo, deberá utiliza-los elementos persoais e auxiliares máis cualificados, nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

2.- Recepción e recusación de materiais.-

O contratista só pode emprega-los materiais na obra previo examen e aceptación do Técnico Director, nos termos e formas que éste sinala, para correcto cumprimento das condicións convidas. Se o Técnico-Director non aceptase os materiais sometidos o seu exame deberán comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

3.- Obras defectuosas ou mal executadas.-

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das fallas que nela houbera, sen que sexa eximente, nin lle dé dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades de obra ós materiais empregados, nin que foran incluídos éstos e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.-

Se se advertisen vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para creer que existen vicios ocultos na obra executada, o Técnico- Director ordeará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra na que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

5.- Responsabilidade por vicios ocultos.-

Se as obras se arruinan con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e prexuízos durante o termo de quince anos a contar dende a recepción.

Trasncorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano o prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 149 da Lei 13/95 de 18 de maio.

XIX-7.- DIRECCION E INSPECCION DAS OBRAS.-

A dirección e inspección das obras corresponde o Técnico- Director das mesmas, que dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución convinte, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións ós Técnicos da Corporación.

XIX-8.- LEXISLACION LABORAL SEGURIDADE E HIXIENE E SEGURIDADE SOCIAL.-

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Risgos Laborais

XIX-9.- RESPONSABILIDADE. DANOS.-

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas, polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que remate o prazo da garantía da obra.

Cando os danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orden da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Asímesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten os danos será inmediatamente esixida pola vía de apremio administrativo.

XIX-10.- CUSTODIA E CONSERVACION.-

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalación, sen que teña dereito a indemnización por causa de avería, pérdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

XIX-11.- CONTROL DE CALIDADE.-

A dirección, cando esté previsto no Prego de Prescripcións Técnicas ordenará que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de contrata da obra (IVE incluído).

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras para ensaio e análise, no caso de que non exista disposición xeral ó efecto, nin estableza tales datos o Prego de Prescripcións técnicas particulares.

XX. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO.- Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- a) Os do anuncio que xere o concurso e os preparatorios e de formalización do contrato.
- b) Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- c) Asumi-lo aboamento do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d) Os de formalización pública do contrato de adxudicación.
- e) No seu caso o proxecto das obras.
- f) Os honorarios da Dirección Técnica desinada polo Concello.

XXI. REVISIÓN DE PREZOS.- Dada a duración do contrato non é aplicable ó mesmo a revisión de prezos, conforme ó art. 103 do TRLCAP.

XXII. INDEMNIZACIÓN Ó CONTRATISTA POR FORZA MAIOR.- O contratista terá dereito a que se lle indemnice dos danos que se lle produciran en casos de forza maior, non mediando actuación imprudente do mesmo.

XXIII. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POR VICIOS OCULTOS.- O contratista responderá, durante os 15 anos seguintes á data da recepción das obras, dos danos e prexuízos ocasionados por ruina das mesmas, motivada por vicios ocultos na construción, debido ó incumprimento do contrato.

XXIV. ABONO DA OBRA EXECUTADA

1.-Medicións.- O Técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de Prescricións Técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o periodo de tempo anterior.

2.-Relacións valoradas.- O Técnico Director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

3.-Certificacións.- As Certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e se tramitarán polo Técnico director nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ó contratista ós efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plunianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas, sen que en una única certificación se poida reflexar importes correspondentes a distintas anualidades.

4.-Pagos.- Os pagos se verificarán contra certificacións mensuais acompañadas de relación avaliada expedidas polo Técnico Director da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación, Asimesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

Terá carácter de pago a boa conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma algunha aprobación e recepción das obras que corresponde.

Cando non exista perigo de que os materiais recibidos como útiles almacenados na obra ou nos almacenes autorizados para o seu acopio sufran deterioro o desaparezan, poderase abonar ó contratista ata o 75% do seu valor, incluíndo tal partida na relación valorada mensual e tendo en conta este adianto para reduci-lo máis tarde do importe total das unidades de obras en que queden incluídos os materiais.

Para realizar dito abono será necesaria a constitución previa do correspondente aval, de acordo co establecido no artigo 100.3 e 145.2 da Lei 13/95, de 18 de maio.

Salvo o que estableza o prego de prescricións Particulares, o Director apreciará o risco e fixará a porcentaxe correspondente.

5.- Os contratistas que, conforme o artigo anterior, teñan dereito de cobro fronte á Administración, poderán ceder o mesmo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte a administración, será requisito imprescindible a notificación fehaciente á mesma do acordo da cesión. A tal efecto, se considerará que a notificación produciuse cando se consignase mediante Dilixencia no Documento Xustificativo do Crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago expedirase a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista surtirán efectos liberatorios.

6.- Coa finalidade de poder acreditar documentalmente a existencia de transmisións a terceiros dos dereitos de cobro de certificacións, o cedente e o cesionario, deberán aportar para as transmisións a seguinte documentación:

- a) Poderes notariais.
- b) Declaración xurada da súa vixencia.
- c) Batanteos.

- d) Certificación actual da conta bancaria no que sería efectuado o pagamento da certificación transmitida, na que expresamente conste que o titular único da conta é o cesionario e, en todo caso, un dos exemplares das certificacións con dilixencia de transmisión e aceptación, con pés de sinatura, indicando nome, dous apelidos e NIF.

XXV. PRAZO DE EXECUCION DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.-

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista no precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables o mesmo, incurra en demora respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,01€por cada 30,05 €do prezo do contrato.

A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto o incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento de aqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimentodo prazo total

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo e acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

XXVI. PRORROGAS.-

Se o retraso na execución das obras fose producido por motivo non imputables ó contratista e éste ofrece se cumprir o seu compromiso se se lle da unha prórroga do tempo que se lle había sinalado a Corporación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pídese outro menor

XXVII. MODIFICACIONES DE OBRAS.

En ningún caso o técnico Director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do presuposto reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderá ó órgano competente, previa a redacción do proxecto, audiencia ó contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo elo sen perxuízo do disposto no artigo 146.4 da Lei 13/95, de 18 de maio, para os suposto a que se refire dito precepto.

Serán obrigatorios para o contratista as modificacións no contrato de obras que, con arranxo ó establecido no artigo 102 da Lei 13/95, de 18 de maio, produza aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que ésta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha, sen perxuízo do que se establece no artigo 150. E da Lei 13/95, de 18 de maio.

Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cujas características difieran sustancialmente delas, os prezos de aplicación das mesmas serán fixados pola Administración á vista da proposta do Director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta prosposta en trámite de audiencia, por un prazo mínimo de 3 días hábiles. Se éste non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalos con outro empresario, nos mesmos prezos que houbese fixado ou executalos directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.

Nas modificacións dos contratos, aínda que foran sucesivas, que impliquen aislada ou conxuntamente alteracións en contía igual ou superior ó 10% do prezo primitivo do contrato (con exclusión do IVE), sempre que esta exceda do 20% dos recursos ordinarios da Entidade Local ou o importe do contrato exceda de 6.010.121,04 € será preceptivo ademais dos documentos indicados no artigo 102.3, o informe da Comisión de Facenda e Especial de Contas.

Do mesmo modo, ademáis da documentación a que se refire o artigo 102.3, será preceptivo o informe de dita Comisión nas modificacións consistentes na substitución de unidades obxeto do contrato por unidades novas en contratos cuio importe de adxudicación sexa igual ou superior o 20% dos recursos ordinarios do Concello ou o importe do contrato exceda de 6.010.121.04 € e as modificacións afecten o 30% ou máis do prezo primitivo do contrato (con exclusión do IVE) de conformidade có disposto no artigo 102.3 e Disposición adicional 9ª da Lei 53/99 de 28 de decembro.

Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o prezo do mesmo, reaxustárase a garantía que se cuantificará no 4% do incremento experimentado no prezo de adxudicación. A non constitución de garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato. Esta garantía deberá constituirse dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a notificación de aprobación da modificación.

XXVIII. CESION DO CONTRATO E SUBCONTRATO DAS OBRAS

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras ou subcontratar unidades de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 115 e 116 da Lei 13/95, de 18 de maio.

O Cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución de garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado ós subcontratistas ou suministradores dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 116. bis da Lei 13/95, de 18 de maio.

XXIX. RECEPCION DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.

O contratista comunicará por escrito ó Facultativo Director da obra a data prevista para o seu remate, cunha antelación mínima de 1 mes.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras, todo isto de conformidade co art. 147 da Lei 13/95 de 18 de maio.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas se fará constar así na acta e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as intrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbere efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 2 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras excutadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

XXX. PRAZO DE GARANTIA.-

O prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar dende a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras sendo responsable dos danos intrínsecos que nelas se produzan seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Técnico Director.

Se as obras se deterioraran por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación se executarán pola Administración contratante, a costa do contratista.

XXXI LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Dentro do prazo de 15 días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 149 da Lei 13/95, de 18 de maio (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e a liquidación, no seu caso, das obrigas pendentes, aplicándose o pago destes últimos o disposto no artigo 100.4.

No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía o Facultativo-Director

procederá a a dictar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndoselle un prazo para elo durante o cal continuará encargado da conservación das obras sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

XXXII. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.- O contrato poderá extinguirse por algunha das causas de resolución enumeradas dos arts. 111 e 149 do TRLCAP.

XXXIII. RÉXIMEN XURÍDICO.- No non previsto expresamente no presente prego de condicións, estarase ó disposto na Lei de Contratos das Administracións Públicas, Regulamento de Contratos do Estado, Lei 7/85 de 2 de abril e RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril.

XXXIV. XURISDICCIÓN COMPETENTE.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos Organos de Contratación, resolucións que agotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, a teor da Lei de dita xurisdicción.

XXXV. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Don maior de idade, veciño de, con domicilio en, titular do DNI nº expedido con data, en nome propio (ou en representación de, veciño de con domicilio en, conforme acredito con Poder Bastanteado) enterado do concurso tramitado para adxudicar, mediante procedemento aberto, as obras de comprometese a efectualas na forma determinada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prezo de euros (en letra e número).

Caldas de Reis, ade de 200.... “